

Residencias Artísticas Nortear

Edición 2026

Regulamento

As Residencias Artísticas Nortear son unha actividade conxunta da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT), da CCDR NORTE e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, no ámbito do Proxecto Nortear, iniciativa de intercambio cultural cofinanciada pola Unión Europea a través do INTERREG España-Portugal, mediante a Candidatura 0224_NORTEAR_GNP_1_E.

ENCADRAMENTO

O obxectivo desta acción é convocar anualmente mozos creadores de Galicia e da rexión Norte de Portugal para unha residencia na que desenvolvan proxectos artísticos audiovisuais e de novas tecnoloxías. Esta acción destínase a apoiar e acompañar creadores emerxentes, con base no intercambio de experiencias; para iso, serán seleccionados artistas de cada territorio a través dunha convocatoria de proxectos. As Residencias Artísticas terán unha duración dunha semana, durante a cal os artistas compartirán espazo nun dos locais seleccionados, que alternará entre Galicia e o Norte de Portugal.

Amais de apoiar a creación, o obxectivo desta acción é realzar a capacidade da arte para dinamizar e ligar as comunidades. Para isto, será requisito para os proxectos presentados a esta convocatoria anual que exista unha relación directa cos contextos nos que a residencia decorrerá e coas súas comunidades. Haberá un acompañamento artístico para os participantes que consistirá en debates con outros creadores ou persoas ligadas ao sector cultural. Desta forma, preténdese fomentar a dimensión eurorrexional da creación artística, neste caso audiovisual, promovendo o intercambio de experiencias.

CANDIDATOS

Poden presentar a candidatura ás Residencias Artísticas Nortear tódalas persoas con plena capacidade xurídica, residentes ou nadas na rexión Norte de Portugal ou en Galicia.

PRESENTACIÓN E SELECCIÓN DOS PROXECTOS

Esta convocatoria réxese por principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

- Serán seleccionados 10 proxectos para desenvolver as Residencias Artísticas Nortear. As entidades envolvidas na organización desta acción, resérvanse o dereito de alterar a cantidade de proxectos apoiados segundo a cantidade e calidade das propostas recibidas.
- O período de presentación das candidaturas permanecerá aberto dende o día 26 de xaneiro ata o día 17 de abril de 2026 ás 12:00 h (hora española).
- As candidaturas e a documentación esixida só poderán ser presentadas en idioma galego, castelán ou portugués.

- Non se admitirán as candidaturas presentadas fóra de prazo.
- Cada candidato só poderá presentar unha candidatura por convocatoria.
- A selección dos candidatos será feita por un xurado que avaliará os proxectos presentados e que será constituído por un Presidente, designado pola dirección da GNP, AECT-; dous Vogais, un designado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e un designado pola CCDR NORTE. Actuará como Secretario, un traballador do GNP, AECT. O xurado poderá contar con asesoramento externo.
- O xurado avaliará os proxectos presentados tendo en conta:
 - A orixinalidade do proxecto.
 - O interese para a cooperación transfronteiriza do proxecto presentado.
 - A máis-valía do proxecto para a integración na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Os resultados serán anunciados publicamente na web do GNP, AECT.

ORZAMENTO, PERÍODO E LOCAL

O orzamento desta Convocatoria de Residencias Artísticas Nortear é de 8.500€ para 10 proxectos. Cada beneficiario recibirá 850€ - axuda en concepto de gastos de desprazamento, aloxamento e manutención.

A Residencia será realizada entre os días 11 a 15 de maio, en Tomiño.

REQUISITOS DE CANDIDATURA

No período estipulado para as candidaturas, os autores dos proxectos deberán enviar as propostas para arodrigues@gnpaect.eu, en formato zip, coas seguintes informacións:

- Datos do Autor do proxecto (nome, enderezo, email e n.º de teléfono, IBAN).
- Proxecto – até 3.000 caracteres (nome, textos, imaxes, esbozos).
- Comprobante de residencia.
- Declaración de orixinalidade do proxecto.
- Asunto de email, o candidato deberá indicar: Candidatura Residencias Artísticas Nortear.

ACREDITACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez realizada a Residencia, os beneficiarios deberán enviar, no prazo máximo de dúas semanas desde a súa finalización, un informe asinado polo propio beneficiario que evidencie o traballo desenvolvido. Unha vez recibida e avaliada a documentación pola GNP, AECT, esta efectuará o pagamento acordado.

CALENDARIZACIÓN

- 26 de xaneiro ata 17 de abril – Período de recepción de candidaturas.
- 30 de abril - Anuncio dos proxectos seleccionados.
- 11 a 15 de maio – Residencias Artísticas e creación dos proxectos.
- 22 de maio – Envío de informe final.
- Finais de maio – Pagamento.

DISPOSICIÓN XERAIS

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos aportados polos participantes serán introducidos nun ficheiro automatizado de titularidade das entidades organizadoras, o seu tratamento estará suxeito à Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (España), e á súa normativa de desenvolvemento, coa finalidade de empregalos para a realización das xestións que sexan necesarias para o desenvolvemento da Residencia, incluíndo a selección dos gañadores, a publicación da lista dos proxectos seleccionados e para divulgación de novas convocatorias.

Os participantes terán o dereito de acceso a este ficheiro e rectificar, cancelar e/ou oporse ao tratamento dos seus datos. Neste caso, deberán comunicalo expresamente, polo que deberán enviar unha comunicación escrita para o enderezo anteriormente referido.

DIFUSIÓN

Os participantes autorizan expresamente, a título indefinido, que as entidades organizadoras poidan facer divulgación, en calquera medio de comunicación interno e/ou externo que consideren oportuno, dos seus datos persoais (nome e apelidos como beneficiarios desta acción), coa exclusiva finalidade de asegurar a divulgación por calquera medio e coñecemento da realización e atribución das Residencias Artísticas, sen que iso xere algún dereito de pagamento e/ou indemnización a favor dos participantes.

DISPOSICIÓN FINAIS

A presentación dos proxectos ás Residencias Artísticas Nortear implica a aceptación das bases do presente regulamento.

Nos aspectos non incluídos nestas bases ou naqueles que poidan ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderá ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán un parecer que será irrevogábel.